

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

ANUNCIO do 19 de marzo de 2018 polo que se someten ao trámite de información pública a separata para información pública do proxecto de construción do Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020: mellora da seguridade viaria (MSV) no contorno de treitos de concentración de accidentes na estrada AC-164, punto quilométrico 3+000 a 4+000, coa clave AC/17/142.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referenciado.

Para os efectos previstos no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, sométese ao trámite de información pública o documento do Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020: MSV no contorno de treitos de concentración de accidentes na estrada AC-164, p.q. 3+000 a 4+000, coa clave AC/17/142.06.

Este proxecto ten por obxecto definir, xustificar e valorar as obras necesarias para levar a cabo unha serie de actuacións que permitan evitar ou mitigar a accidentalidade que se vén producindo nos últimos anos no treito considerado. O ámbito de actuación sitúase na estrada AC-164, pertencente á Rede primaria complementaria de estradas de Galicia, e afecta o termo municipal de Bergondo, na provincia da Coruña.

As obras previstas comprenden as seguintes actuacións:

- Reconfiguración de certas interseccións: disposición dunha glorieta (p.q. 3+050), cuñas de cambio de velocidade (p.q. 3+440 e 3+570) e reordenación dos movementos.
- Modificación da sinalización: prohibición dos xiros á esquerda, limitación da velocidade, reforzo desta.
- Reforzo da iluminación nas zonas críticas.
- Execución de zonas de espera nos pasos de peóns.
- Reforzo da sinalización horizontal e vertical.



Considerando todo o exposto e o establecido na normativa vixente,

RESOLVO:

Primeiro. De acordo co establecido no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o proxecto de construción sométese ao trámite de información pública, durante un período de trinta días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, para que as persoas que o consideren oportuno poidan formular por escrito, ante a Axencia Galega de Infraestruturas, as observacións que crean convenientes relativas á concepción global do trazado deseñado.

Segundo. Que simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e para os efectos previstos no artigo 56.1 do Regulamento de expropiación forzosa, se somete a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente, para que os afectados presenten cantas alegacións ou rectificacións consideren convenientes en canto aos bens e dereitos descritos na relación anexa.

Terceiro. A exposición ao público, para os efectos desta resolución, realízase na Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela), no Servizo de Infraestruturas da Coruña (rúa Vicente Ferrer, 2, 15008 A Coruña), no Concello de Bergondo (estrada da Coruña, 12, 15165 Bergondo. A Coruña). Así mesmo, na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Vivenda (http://civ.xunta.gal/organizacion/c/CIV_Axencia_Galega_de_Infraestruturas) está á disposición dos interesados o documento completo do proxecto de construción.

Santiago de Compostela, 19 de marzo de 2018

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas

CVE-DOG: xtrf1b8-n5l6-4sh1-vcp8-ccoob3gpmjx2





ANEXO

Relación de bens, dereitos e propietarios afectados

Proxecto de construción

Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020: MSV no contorno de TCA na estrada AC-164, p.q. 3+000 a 4+000

Clave: AC/17/142.06

Concello de Bergondo

Nº	Referencia catastral	Políg.	Parcela	Titular	Clase	Uso principal	Sup. predio (m²)	Sup. exprop. m²	Sup. ocup. en d.p. m²	Bens afectados
1	15008A03200001	32	1	Vázquez Toralla, Olivia	Rústico	Agrario	351,62	351,62	-	Palmeiras 2,00 ud.
										Outras plantas camelias 7,00 ud.
										Sebe baixa 65,00 ml
2	15008A03200003	32	3	Iglesias Villamor, Mª Luisa (herdeiros de)	Rústico	Agrario	1.779,98	281,87	17,8	Cerramento vexetal (tuías) 41,31 ml
3	15008A03200004	32	4	Barbeito López, Raúl	Rústico	Agrario	2.190,51	5,77	-	
4	15008A03100329	31	329	Placer Lorenzo, José	Rústico	Agrario	553,57	497,06	56,51	
5	15008A03100260	31	260	Suárez Saavedra, Manuel	Rústico	Agrario	1.977,06	445,50	25,61	
6	15008A03109010	31	9010	Desconto (municipal)	Rústico	Agrario	691,78	-	117,21	
7	1366516NH6916N	13665	16	Vázquez Abelina (herdeiros de)	Rústico	Agrario	622,17	365,00	-	
8	1366517NH6916N	13665	17	Entidade Pública Empresarial de Solo	Rústico	Agrario	816,60	15,13	-10,25	
9	2067303NH6926N	20673	3	Prado Gómez, Mª Carmen	Urbano	Sen edificar	1.422,91	32,68	-	





CVE-DOG: xrlrf1b8-n5l6-4sh1-vcp8-ccoob3gpmjx2



Nº	Referencia catastral	Políg.	Parcela	Titular	Clase	Uso principal	Sup. predio (m²)	Sup. exprop. m²	Sup. ocup. en d.p. m²	Bens afectados
10	1967602NH6916N	19676	2	Edreira Fafian, Antonia (herdeiros de)	Urbano	Sen edificar	772,77	25,51	-	Cerramento (muro formigón con malla metálica) 18,23 ml
										Cerramento vexetal (tuías) 18,23 ml
11	2066506NH6926N	20665	6	Peteiro Graña, Francisco	Urbano	Sen edificar	558,04	7,27	-	
12	2066507NH6926N	20665	7	Peteiro Graña, Francisco	Urbano	Sen edificar	744,60	106,46	-	
13	2167502NH6926N	20673	2	Concello de Bergondo	Urbano	Oficinas	660,03	0,81	7,1	
14	2367910NH6926N	23679	10	Adolfo Fragoso Gómez y Otros, S.C.	Urbano	Sen edificar	208,07	10,44	-	

